

# Convocatoria de ideas

destinada a alumnas/os de Grao  
e Posgrao do Campus de Pontevedra

## Espazo CreActivo

---

Bases



## Introdución

De cara á mellora e adecuación como espazo multidisciplinar do edificio sito na rúa Santa Clara número 4, o Concello de Pontevedra e, en concreto, a Concellaría de Promoción da Cidade, pon en marcha o presente concurso co obxectivo de abrir este proceso ás/aos creadoras/es e iniciativas da cidade, para ser implementadas neste espazo de propiedade municipal. Este edificio é un emblema do traballo na liña do emprendemento e do apoio ao emprego e a iniciativas empresariais, por iso a apertura deste repercute neste mesmo obxectivo e apoio.

O presente concurso, aberto á participación de ideas propostas polo alumnado dos cursos de Grao e Posgrao do Campus de Pontevedra, posibilitará o desenvolvemento das súas ideas da man das empresas de Pontevedra, a través dun sistema de apoio e orientación.

## Obxectivos

- A mellora e adecuación para usos sociais, así como a ampliación de contidos do edificio de propiedade municipal sito en Santa Clara número 4, a través dun proceso participativo de presentación de ideas e proxectos.
- Incentivar a implicación dos estudantes do Campus de Pontevedra coa mellora e enriquecemento do patrimonio cultural da cidade.

## Participantes

Estudantes que cursen os seus estudos en calquera das titulacións de grao e posgrao impartidas no Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo. Poderá participar todo o alumnado que estea matriculado no momento da presentación da solicitude.

## Ideas

O concurso está orientado á selección de ideas para o embelecemento, reutilización e dotación de contidos e actividades do Espazo CreActivo.

Seleccionaranse aquelas ideas que contribúan dun xeito específico á apropiación e modernización do espazo dun xeito aberto e colaborativo. As ideas ou proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser ideas orixinais das/os participantes (de non ser así, as/os creadoras/es destas deben ser acreditadas/os).
- Deben ter xustificada a súa viabilidade técnica.
- Deben ter xustificada a súa viabilidade económica.
- Deben ser realizables no espazo ao que se refire a presente convocatoria.
- Deben adecuarse ao espazo ao que se refire a presente convocatoria.
- Admitiranse ideas e proxectos que xa fosen implementados anteriormente, sempre que sexa respectada a súa propiedade intelectual.

Os proxectos poden ser presentados de forma individual ou en equipo, sen número máximo de participantes na iniciativa.

As ideas presentaranse enmarcadas dentro das seguintes áreas:

- Comunicación e identidade gráfica do espazo.
- Embelecemento, humanización e reorganización de espazos comúns e exteriores.
- Plans de aprendizaxe e plans didácticos que se desenvolverán nos diferentes espazos en relación co emprendemento social (con actividades abertas).

O Concello de Pontevedra comprométese a respectar, en todas as situacións, a propiedade intelectual das ideas e proxectos presentados, sexan ou non implementados.

## Solicitudes e inscrición

A inscrición farase a través da páxina web do Concello de Pontevedra cubrindo o modelo dixital dispoñible no seguinte apartado: <http://www.pontevedra.gal/areas/promocion-economica/espazo-creactivo/>

Só se admitirán as solicitudes a través do modelo facilitado na convocatoria.

Na solicitude presentarase o equipo, a súa idea e a xustificación da súa adecuación ao espazo concreto de Santa Clara mediante un pequeno expediente adxunto (formato comprimido), no que tamén se incluírá un orzamento estimativo do custo final de dito proxecto.

Os equipos poderán visitar as instalacións para mellorar o seu coñecemento do espazo co obxectivo de garantir a adaptación da proposta presentada a este. As solicitudes (máximo dúas por equipo) deberán realizarse a través do enderezo electrónico de contacto: [espazocreactivo@pontevedra.gal](mailto:espazocreactivo@pontevedra.gal)

### Prazos

O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo día 15 de abril.

### Proceso de selección

Os proxectos e ideas admitidos na convocatoria serán facilitados a un xurado independente. Os membros do xurado valorarán de xeito individual os proxectos nunha primeira volta, e porán en común o seu parecer nunha reunión conxunta na que se decidirá colectivamente o resultado da convocatoria.

A composición deste xurado será publicada na web do Concello de Pontevedra para preservar a transparencia do proceso. Este xurado estará formado por expertas/os en cada unha das áreas que forman parte da convocatoria.

No proceso de valoración os proxectos serán anónimos. Unha vez emitido o veredicto do xurado, as/os finalistas serán entrevistadas/os antes de dar comezo os diferentes traballos. Unha vez rematada a fase de entrevista farase público o listado de proxectos seleccionados.

## Premios

O resultado do concurso será a implementación das ideas seleccionadas, para o cal as persoas e equipos seleccionados obterán unha dotación económica.

Haberá un total de 3 premios, relacionados coas áreas nas que hai que desenvolver as ideas, que recibirán unha dotación económica de 500€ por equipo, así coma os gastos de execución necesarios para poder levar a cabo o seu proxecto.

Non haberá, polo tanto, unha clasificación xerárquica de premios, e organizaranse da seguinte maneira:


- Premio de comunicación e identidade gráfica do espazo
- Premio de humanización e reorganización de espazos comúns
- Premio de contidos creativos

O premio poderá ser declarado “deserto” no caso de que ningunha das ideas presentadas se adecúen aos criterios da convocatoria.

## Implementación dos proxectos

Os proxectos serán desenvolvidos e levados a cabo polas/os seleccionadas/os, acompañadas/os polas diferentes empresas de Pontevedra en cada área, dentro dos prazos acordados polo Concello de Pontevedra dependendo da súa viabilidade. Deste xeito asignarase a cada proxecto un/ha ou varias/os profesionais para desenvolver o papel de orientadoras/es na fase de implementación dos proxectos gañadores, e de xeito especial coordinarán o desenvolvemento do conxunto das propostas.

Estas empresas serán contactadas polo Concello de Pontevedra dentro do Programa “Pontevedra ten un Puntazo”, ou ben se porían en marcha con recursos propios do Concello.



**ANEXO I:  
Fotos do edificio**



*Foto 1: Exterior do edifício*



*Foto 2: Arredores do edifício*




*Foto 3: Interiores (primeiro andar)*




*Foto 4: Interiores (baixo cuberta)*







**ANEXO II:  
Planos do edificio**




*Plano 1: Edifício*



*Plano 2: Primeiro andar*



*Plano 3: Segundo e terceiro andar*



*Plano 4: Baixo cuberta*

ORGANIZA:



PON  
ACTIVA

COLABORA:



Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra  
Universidade de Vigo